

## RESOLUCIÓN

### **Xustificación final do Mandato 2015–2019 en relación coas asignacións ao Grupo Político Bloque Nacionalista Galego.**

Xustificación final do Mandato 2015–2019 en relación coas asignacións ao Grupo Político Bloque Nacionalista Galego, de acordo coa base 67 c) 5. das Bases de Execución do Orzamento 2019, aprobada no Pleno de data 28 de setembro de 2018.

Por parte do grupo político, presentouse a documentación acreditativa da realización do gasto correspondente á xustificación final do Mandato 2015–2019:

- **Beneficiario:** Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego.
- **C.I.F. núm.:** G32014003.
- **Finalidade:** asignacións aos grupos políticos ao longo do Mandato 2015–2019.
- **Datos de concesión:**
  - o Asignacións ano 2015. Bases de Execución do Orzamento 2015, acordo do Pleno de 23/07/2015.
  - o Asignacións ano 2016. Bases de Execución do Orzamento 2016, acordo do Pleno de 25/09/2015.
  - o Asignacións ano 2017. Bases de Execución do Orzamento 2017, acordo do Pleno de 30/09/2016.
  - o Asignacións ano 2018. Bases de Execución do Orzamento 2018, acordo do Pleno de 29/09/2017.
  - o Asignacións ano 2019. Bases de Execución do Orzamento 2019, acordo do Pleno de 28/09/2018.
- **Importe das asignacións totais do Mandato 2015–2019 á xustificar:** 77.278,60€.
- **Importe xustificado correctamente:** 91.06% do importe das asignacións totais do Mandato 2015–2019 .
- **Importe que corresponde reintegrar:** 6.907,32€.

- **Importe e data do reintegro voluntario:** 6.907,32€ efectuado o 23/06/2021.

Examinada toda a documentación presentada para a xustificación final do Mandato 2015-2019 das asignacións ao grupo político Bloque Nacionalista Galego polo Servizo de Intervención, estímase correctamente xustificadas, tal e como está reflectido no informe emitido polo Servizo de Intervención de data 29 de xuño de 2021.

Polo exposto, DISPOÑO:

**Primeiro.**– Declarar debidamente xustificada as asignacións ao Grupo Político Bloque Nacionalista Galego, en relación co Mandato 2015-2019.

**Segundo.**– Notificar dita resolución ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.